



## **PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN PHILIPPE COUSTEAU "UNIÓN DE LOS OCÉANOS"**

En Santiago de Compostela, o día 20 de xullo de 2016 , na sede da Consellería do Mar,

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D.<sup>a</sup> Rosa María Quintana Carballo, conselleira do Mar, actuando en nome e representación da Consellería do Mar, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

e doutra, D., DNI, presidente da Fundación Philippe Cousteau "Unión de los Océanos" nomeado para este cargo en virtude do artigo 18 dos estatutos desta Fundación, cargo do que tomou posesión o 21 de xullo de 2005, segundo certificación expedida polo Rexistro de Fundacións do Ministerio de Cultura nomeada nesa mesma data, segundo consta na acta que se xunta, actuando na súa representación de conformidade co disposto no artigo 18 dos seus estatutos.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigárense neste protocolo de colaboración, e a tal efecto,

### **EXPOÑEN**

**Primeiro.-** Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do



Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido, o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, os mercados, a comercialización, a manipulación, a transformación e a conservación dos produtos pesqueiros. Así mesmo, no seu artigo 2.7, a citada Lei destaca: “7. Desenvolver e mellorar os procesos de comercialización e transformación dos produtos pesqueiros, así como fomentar o exercicio dun comercio responsable que garanta a calidade, a trazabilidade e a identificación dos produtos.”

Neste sentido, a Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

**Segundo.-** Que a Fundación Philippe Cousteau "Unión de los Océanos", a través das súas distintas áreas de actuación, ten entre os seus fins a conservación do medio ambiente e a biodiversidade mariña, a cooperación internacional, o desenvolvemento sustentable en materia de pesca e acuicultura e o impulso da cultura do mar, todo iso a través da planificación e execución de programas e proxectos a nivel nacional e internacional, así como a realización de accións divulgativas, involucrando sempre á sociedade na relación co mar e os océanos. A Fundación Philippe Cousteau “Unión de los Océanos” é unha entidade sen ánimo de lucro con vocación social, educacional e cultural, centrada tamén no desenvolvemento dos principios de solidariedade entre os pobos do mar, así como no establecemento de vínculos de cooperación entre institucións de similares obxectivos.

**Terceiro.-** As institucións que comparecen son conscientes da necesidade de fomentar e potenciar a comercialización dos produtos pesqueiros de cara aos mercados interiores e exteriores, e tamén de acadar unha maior conciencia e sensibilidade sobre o mundo do mar, potenciando o seu afianzamento como marco creador de emprego e o seu desenvolvemento socioeconómico.



**Cuarto.-** Que no desenvolvemento das políticas públicas neste ámbito de actuación, no exercicio das competencias atribuídas á administración autonómica, a Consellería do Mar ten asumido como actividades propias a do fomento da cultura do consumo dos produtos mariños galegos. Para facer isto posible a Consellería do Mar necesita dar a coñecer a importancia deste consumo, achegándose ao maior número de público posible.

Por todo o exposto e, tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade de mecanismos concorrentes para a súa consecución, as dúas partes establecen o presente protocolo de colaboración, que se rexerá polas seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira: Obxecto**

O presente protocolo ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e a Fundación Philippe Cousteau "Unión de los Océanos" para a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade. As accións específicas que se van a desenvolver derivadas deste obxecto son as que seguen:

- a) Cooperación en programas de protección e promoción das actividades e das xentes do mar e do medio ambiente mariño.
- b) Desenvolvemento de actividades de divulgación no ámbito da protección e promoción dos produtos mariños, das actividades das xentes do mar e do medio ambiente mariño.
- c) Asesoramento mutuo en cuestións relacionadas coa actividade de ambas entidades.
- d) Organización e execución de actividades comúns relacionadas coa promoción dos produtos mariños, das actividades das xentes do mar e do medio ambiente mariño.



e) Cooperación en programas e proxectos europeos e no ámbito da cooperación internacional.

f) Difusión, a través dos diarios e plataformas dixitais da Fundación e dos seus asociados, daqueles proxectos, iniciativas e actividades que a Xunta de Galicia estea a desenvolver en relación con ámbito mariño.

g) Cantas outras que sexan consideradas de interese mutuo, dentro das dispoñibilidades das partes e das actividades que constitúen o obxecto do presente protocolo de colaboración e os fins comúns de ambas partes.

### **Segunda.- Obrigas das partes**

A Fundación Philippe Cousteau "Unión de los Océanos" obrígase a realizar as accións especificadas na cláusula primeira do presente protocolo de colaboración.

A Consellería do Mar e a Fundación Philippe Cousteau "Unión de los Océanos" comprométense a coordinar as súas respectivas accións de promoción relacionadas co presente protocolo, evitando o solapamento das mencionadas accións e facilitando e colaborando no desenvolvemento dos traballos e das actividades a realizar.

No marco do presente protocolo de colaboración, a Fundación Philippe Cousteau "Unión de los Océanos" obrígase a facer constar a participación da Consellería do Mar nas exhibicións publicitarias que teñan lugar no marco deste protocolo.



### **Terceira.- Condicións económicas**

Este protocolo de colaboración non leva consigo ningunha contraprestación económica entre as dúas partes, e non dará lugar á formalización doutros instrumentos convencionais dos que deriven obrigas económicas para a Consellería do Mar.

### **Cuarta.- Avaliación e seguimento**

Aos efectos de coidar do cumprimento de estipulado no presente Protocolo créase unha Comisión de Seguimento do mesmo, que estará composta polo director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, en representación da Consellería do Mar, e polo presidente da Fundación Philippe Cousteau "Unión de los Océanos". Dita comisión, que se xuntará a petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do protocolo de colaboración e a canle pola que se lle dean solución ás discrepancias e controversias que xurdan da aplicación deste protocolo.

### **Quinta.- Vixencia do protocolo**

O presente protocolo estará vixente dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2016. Non obstante, antes de rematar a súa vixencia, as partes poderán acordar expresamente a súa prórroga, unha vez informado e autorizado polo órgano competente. A prórroga materializarase mediante a subscrición dunha addenda ao protocolo que levará data anterior ao 31 de decembro de 2016.

### **Sexta.- Rexistro de convenios**

A sinatura do presente protocolo de colaboración suporá o consentimento expreso do interesado á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e o



Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149, do 3 de agosto).

**Sétima.- Xurisdición competente**

Das cuestións controvertidas que non tiveran solución no seo da Comisión mixta, coñecerá a Xurisdición Contencioso-Administrativa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En proba de conformidade cos termos deste protocolo, as partes comparecentes asínano por triplicado, no lugar e data mencionados.

Pola Consellería do Mar

A CONSELLEIRA

PD: Orde 30 / 03 / 2012, DOG. n.º 70, do  
12/04/2012; DA 6ª, Decreto 129/2015 de  
08/10/2015)

Pola Fundación Philippe Cousteau

O director xeral de Pesca, Acuicultura e  
Innovación Tecnolóxica

O presidente

Juan Carlos Maneiro Cadillo

Gabriel Portal Antón